



VENRES, 9 DE XULLO DE 2021 VIERNES, 9 DE JULIO DE 2021 | BOP NÚMERO 128

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEGREIRA

Anuncio relativo á aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polas instalacións e actividades publicitarias.

Aprobación definitiva da ordenanza fiscal reguladora da Taxa polas Instalacións e Actividades Publicitarias.

ANUNCIO

O Pleno da Corporación, con data de 10 de maio de 2021, acordou a aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora da Taxa polas Instalacións e Actividades Publicitarias.

Transcorrido o prazo de trinta días hábiles sen que se presentasen reclamacións considerase aprobada definitivamente.

Publícase a continuación o texto íntegro da citada ordenanza reguladora.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLAS INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES PUBLICITARIAS

Artigo 1º. Concepto

O Concello de Negreira establece a taxa polas instalacións e actividades publicitarias emprazadas no dominio público municipal ou perceptibles dende este dominio, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal e polo disposto nos artigos 20 a 27 do TRFL, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, 57 e artigo 20 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRFL).

Artigo 2º. Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible desta taxa a utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público local pola instalación e actividades publicitarias que ocupan terreo de dominio público municipal.

A actividade publicitaria regulada nesta ordenanza poderá realizarse en:

- Valados definitivos e provisionais de soares.
- Valados de protección de obras.
- Na vía pública e nos seus espazos anexos e complementarios.

Artigo 3º. Limitacións

1. Poderanse denegar aquellas solicitudes de autorización nas que o Concello, no uso de competencias en materia de defensa do patrimonio urbano e o seu medio, e por consideracións de índole estética, estimase necesaria a preservación dos espazos interesados.

2. Non se tolerarán, en ningún caso, as instalacións que se pretendan situar en edificios catalogados como monumentos histórico-artísticos polo Ministerio de Cultura ou con nivel de protección integral polo Concello, ou no contorno destes cando menoscaben a súa contemplación, nin as que produzcan graves distorsións na paisaxe urbana ou natural.

3. Igualmente, poderanse denegar aquellas solicitudes de autorización nas que o Concello entenda que coa instalación proposta se poidan prexudicar ou comprometer a visibilidade e seguridade do tránsito rodado ou dos/as viandantes.

4. As autorizacións outorgaranse deixando a salvo os dereitos de propiedade concorrente sobre os respectivos emprazamentos e sen prexuízo de terceiros.

Artigo 4º. Autorizacións

As autorizacións concederanse por unha duración anual, tras a solicitude por escrito da persoa interesada, ou da súa mandataria, que indicará as precisas características do elemento publicitario pretendido así como a concreta localización. A autorización entenderase prorrogada se ao vencemento da anualidade non se solicita a súa anulación. A dita solicitud de anulación deberá efectuarse nos 15 días anteriores ao vencemento da anualidade.

Artigo 5º. Pessoas obrigadas ao pagamento

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes os beneficiarios da publicidade, considerados como tales os industriais, comerciantes ou profesionais cuxos artigos, produtos ou actividades se dean a coñecer por rótulos ou carteis cuxa exhibición ou distribución estea gravada por esta taxa.

Terán a condición de substitutos as empresas de publicidade, consideraranse como tales, para os efectos desta taxa, as que profesionalmente executen ou distribúan campañas publicitarias a través de carteis ou rótulos que teñan por obxecto dar a coñecer os artigos, produtos ou actividades das persoas ou entidades que as contraten para a dita finalidade.

Artigo 6º. Contía

A contía da taxa virá determinada pola superficie dos rótulos ou carteis expresada en metros cadrados, computarase en cada caso as fraccións que resulten, tanto por exceso como por defecto; por cada metro cadrado ou fracción 2 euros/mes.

Artigo 7º. Período impositivo e devindicación

A taxa devindicarase por primeira vez no momento de concederse a oportuna autorización municipal para a colocación dos distintos medios publicitarios, e ratearase a contía polo tempo que reste do ano natural.

A taxa devindicarase anualmente en tanto non sexa solicitada a súa anulación segundo o previsto no artigo 4, para este suposto a devindicación terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de cesamento na utilización privativa ou aproveitamento especial, en cuxo caso o período impositivo axustarase a esa circunstancia co conseguinte rateo da cota polo tempo efectivo da ocupación.

Tamén haberá obriga de pagamento dende o momento no que a ocupación ou aproveitamento se iniciase, aínda non se obtivese aínda a perceptiva licenza municipal.

Artigo 8º. Normas de xestión

As cantidades esixibles conforme esta ordenanza liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles.

As persoas ou entidades interesadas na concesión dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza.

A declaración de baixa producirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado nos epígrafes das tarifas.

Artigo 9º. Infraccións e sancións

En todo o relativo á acción investigadora da taxa, infraccións tributarias e demais, estarase ao disposto pola legislación vixente para estes casos, particularmente, o artigo 178 e seguintes da Lei xeral tributaria, o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributarias, aprobado polo Real decreto 1065/2007 e a Ordenanza xeral de xestión inspección e recadación dos ingresos de dereito público municipais.

En todo caso, retirarase o medio publicitario ben por medios propios ou ben pola Administración local, a cargo do debedor, nun prazo máximo de 2 meses. Éste último sufragará os gastos ocasionados por tal retirada.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación íntegra e definitiva no BOP, consonte o preceptuado no artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Negreira, 06 de xullo de 2021

Manuel Ángel Leis Míguez

Alcalde – Presidente

2021/5545